

## A FP Básica está financiada co Fondo Social Europeo?

A implantación dos novos ciclos de Formación Profesional Básica está cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE), no marco do obxectivo temático 10 "Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente".

A achega do FSE recóllese no eixo 3 do Programa Plurirrexional de Emprego, Formación e Educación do período de programación 2014-2020, xestionado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Con estes fondos fináncianse os gastos de profesorado e de funcionamento. A taxa de cofinanciamento do FSE é do 80% deses gastos.

## Información e publicidade

Ao comezo de cada curso escolar, os centros educativos informarán a todos os alumnos e alumnas sobre a contribución dos fondos estruturais da Unión Europea á prevención do abandono escolar temperá e ao fomento da igualdade de acceso a unha educación de boa calidade, incluídos os itinerarios de aprendizaxe formais, non formais e informais encamiñados a permitir a reintegración no proceso de educación e formación.

Moi especialmente, informarase ao alumnado que curse ciclos formativos de Formación Profesional Básica, xa que os seus ciclos van financiarse nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo. Tamén se fará extensible ao profesorado que imparta esas ensinanzas.

Nos espazos nos que se imparta a citada formación e na documentación relacionada con esta ensinanzas, deberá aparecer o logotipo do FSE, coa lenda "O FSE inviste no teu futuro".

## Máis información:

Portal educativo de Formación Profesional

[www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

Departamentos de orientación dos centros educativos

## Síguenos en:

[Twitter.com/fpgalicia](https://twitter.com/fpgalicia)

[Facebook.com/fpgalicia](https://facebook.com/fpgalicia)



# Formación Profesional Básica

## Coñece a FP Básica



XUNTA DE GALICIA

A formación profesional básica forma parte das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo. Responden a un perfil profesional incluíndo ao menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Ordénase en ciclos formativos que a súa vez organízanse en módulos profesionais.

Os ciclos formativos teñen unha duración de 2000 horas ou 2 cursos académicos. Na modalidade de FP dual ata 3 cursos.

### Que título se obtén?

Superando un ciclo de FP básica obtense o título profesional básico correspondente ás ensinanzas cursadas.

### Cal é a validez dos títulos?

O título profesional básico ten tanto valor académico como profesional.

- ▶ Academicamente, o título profesional permite o acceso a calquera ciclo formativo de grao medio. No caso que existan máis solicitudes que prazas dispoñibles para cursar un ciclo de grao medio, algúns títulos profesionais básicos darán preferencia para conseguir una praza. Estas preferencias de acceso están dispoñibles no portal educativo [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp), no destacado "FP Básica".
- ▶ Profesionalmente, o título profesional básico ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.

Adicionalmente:

- ▶ A persoa que posúa un título profesional básico poderá obter o título de graduado na ESO, pola opción de ensinanzas académicas ou pola opción

de ensinanzas aplicadas, mediante a superación da proba de avaliación final da educación secundaria obrigatoria.

- ▶ Os alumnos e alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título profesional básico, recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

### Cales son os requisitos para acceder á FP Básica?

Se a persoa está escolarizada, debe cumprir de forma simultánea:

- ▶ Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- ▶ Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.
- ▶ Ser proposto/a polo equipo docente.
- ▶ Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que teñan menos de 21 anos no ano de inicio do ciclo formativo e que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

### Que ciclos formativos pode estudar?

Na actualidade, podes elixir entre 21 títulos diferentes:

- ▶ Actividades agropecuarias.
- ▶ Actividades marítimo-pesqueiras.
- ▶ Agroxardaría e composicións florais.
- ▶ Aloxamento e lavandaría.
- ▶ Aproveitamentos forestais.
- ▶ Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel.
- ▶ Artes gráficas.
- ▶ Carpintaría e moble.

- ▶ Cociña e restauración.
- ▶ Electricidade e electrónica.
- ▶ Fabricación e montaxe.
- ▶ Industrias alimentarias.
- ▶ Informática e comunicación.
- ▶ Informática de oficina.
- ▶ Mantemento de vehículos.
- ▶ Peiteado e estética.
- ▶ Reforma e mantemento de edificios.
- ▶ Servizos administrativos.
- ▶ Servizos comerciais.
- ▶ Tapizaría e cortinaxe.
- ▶ Vidraría e olaría.

No portal educativo [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp), no destacado "FP Básica", están dispoñibles os perfís profesionais de cada título: que se aprende a facer, en que ámbitos se traballa, que ocupacións se desempeñan, cales son os módulos de cada título e a súa duración, que título se obtén e a que outros estudos se pode acceder.

### Onde pode cursar un ciclo formativo básico?

No portal educativo [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp), no epígrafe "Ven á FP", está dispoñible toda a información da oferta de formación profesional básica.

### Que hai que facer para matricularse?

Presentar unha solicitude de admisión e matrícula no centro educativo no que se pretenda ser admitido, asinada pola persoa solicitante (se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais).

### Cal é o período de admisión na FP básica?

Ao inicio do mes de setembro. Para coñecer as datas exactas de cada curso académico debe consultarse o portal educativo [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).